

inventariados. «Se existen es-

to, que xa logrou descubrir bas-

pouco coñecidos», afirma.

os grandes comunios de de pe-
tróglifos de Pontevedra».

Sinalizan novos marcos do Camiño de Inverno no tramo do municipio de Pantón

MONFORTE / LA VOZ

A asociación Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra pechou o pasado domingo a súa temporda de actividades levando a cabo un novo percorrido promocional polo tramo dos Camiño de Inverno que discorre polo municipio de Pantón. A camiñada realizouse en sentido inverso ao que seguen normalmente os peregrinos —é dicir, en sentido Pantón-Monforte— e durante o percorrido os participantes marcaron puntos quilométricos nos marcos que se colocaran anteriormente neste tramo.

Para sinalar as distancias nos diferentes marcos utilizouse unha bicicleta con contaquilómetros. Os integrantes da asociación teñen previsto seguir sinalando dessa forma os fitos que marcan a ruta noutras zonas, como Monforte, A Pobra do Brooklín e Quiroga.



Os fitos que sinalan a ruta foron dotados con puntos quilométricos

A directiva da asociación aproveitou a ocasión para solicitar de novo aos gobernos locais dos municipios por onde pasa a ruta que poñan máis in-

terese no mantemento e na promoción deste itinerario histórico. A presidenta do colectivo, Aida Menéndez, pide sobre todo que se acondicionen me-

llor os tramos de camiño onde máis prolifera a maleza ou onde haxa treitos deteriorados ou encharcados. «Aínda hai tramos que presentan unhas condicións pouco apropiadas a pesar de que a ruta ten cada vez máis peregrinos», apunta.

Actividades en outono

Como todos os anos, a asociación que promove o Camiño de Inverno no sur lucense suspenderá as súas actividades durante a temporada de verán para reanudalas no próximo outono. Unha das primeiras iniciativas previstas para a próxima temporda é unha viaxe polo Camiño Portugués que se levará a cabo en novembro e comprenderá visitas a Coimbra e Aveiro. As persoas interesadas en participar xa poden reservar as súa prazas chamando ao número teléfono 608 575 965.

TERAS DE LEMOS
Meirores , 29 - 06 - 2011